



Grado universitario en Xornalismo e Comunicación Audiovisual (2018-2023)

Traballo de fin de grao

## **MELONI, un Marqués en La Gomera**

Elaboración dun podcast xornalístico-narrativo - A historia de Franco  
Meloni en La Gomera

Aldara Diéguez Couñago

Titor

Marcos Sanluis López

O podcast pódese atopar aquí:

[MELONI. UN MARQUÉS EN LA GOMERA.](#)

\*Os enlaces aos capítulos por separado atópanse tamén na sección Resultados (páxinas 18-19)

## **RESUMO**

Este traballo sintetiza os esforzos realizados na ideación, creación e edición dun podcast sobre a vida de Franco Meloni, pai da actual presidenta italiana, Giorgia Meloni, durante a súa estancia en La Gomera, a segunda illa máis pequena de Canarias, onde pasou un período incerto -case 10 anos- desde mediados dos anos 80 ata 1994. Para a realización deste podcast, houbo crearse un plan de rodaxe en La Gomera, a onde me despracei para realizar entrevistas, captar ambientes sonoros e coñecer información tanto contextual como de carácter narrativo. Posteriormente, houben realizar unha selección dos cortes que empregaría de cada entrevistado, así como un guión aproximado, un guión definitivo e posteriormente, a edición do podcast, engadindo voz, música e efectos, obtidos tanto de bibliotecas sonoras, como de gravacións in situ, como de composicións propias. O resultado son 9 capítulos que poñen en situación, contextualizan a figura de Franco e a vida en La Gomera, explican a personalidade do suxeito, as empresas que creou na illa e a súa relación coa veciñanza, así como as peculiaridades que o protagonista, que acabou detido por narcotráfico, deixou entrever durante a súa estancia en La Gomera.

## **PALABRAS CLAVE**

Podcast, La Gomera, Franco Meloni, Giorgia Meloni

## **RESUMEN**

Este traballo sintetiza los esfuerzos realizados en la ideación, creación y edición de un podcast sobre la vida de Franco Meloni, padre de la actual presidenta italiana, Giorgia Meloni, durante su estancia en La Gomera, la segunda isla más pequeña de Canarias, donde pasó un período incierto -casi 10 años- desde mediados de los 80 hasta 1994. Para la realización de este podcast se creó un plan de rodaje en La Gomera, donde fui a realizar entrevistas, captar ambientes sonoros y conocer información tanto de carácter narrativo como contextual. Posteriormente, se ha hecho una selección de los cortes que utilizaría de cada entrevistado, así como un guion aproximado, un guion definitivo y posteriormente, la edición del podcast, añadiendo voz, música y efectos, obtenidos tanto de librerías sonoras como de grabaciones in situ, a partir de composiciones propias. El resultado son 9 capítulos que contextualizan la figura de Franco y la vida en La Gomera, explican la personalidad del sujeto, las empresas que creó en la isla y su relación con la vecinanza, así como las peculiaridades que el protagonista, que acabó detenido por tráfico de drogas, dejó ver durante su estancia en La Gomera.

## **PALABRAS CLAVE**

Podcast, La Gomera, Franco Meloni, Giorgia Meloni

## **SUMMARY**

This work synthesises the efforts made in the ideation, creation and editing of a podcast about the life of Franco Meloni, father of the current Italian president, Giorgia Meloni, during his stay in La Gomera, the second smallest island of the Canary Islands, where he spent an uncertain period -almost 10 years- from the mid-1980s to 1994. For the production of this podcast, a production plan was created in La Gomera, where I went to conduct interviews, capture sound environments and gather information of both narrative and contextual nature. Subsequently, a selection was made of the cuts I would use from each interviewee, as well as an approximate script, a definitive script and then the editing of the podcast, adding voice, music and effects, obtained both from sound libraries and recordings in situ, from my own compositions. The result is 9 chapters that contextualise the figure of Franco and life on La Gomera, explain the personality of the subject, the companies he created on the

island and his relationship with the locals, as well as the peculiarities that the protagonist, who was arrested for drug trafficking, revealed during his stay on La Gomera.

## KEYWORDS

Podcast, La Gomera, Franco Meloni, Giorgia Meloni

## ÍNDICE

1. Introducción.
  1. Motivacións
  2. Descripción do produto esperado
2. Marco teórico.
  - a. Formato
    - i. Audiencia
    - ii. Tipos de podcast
  - b. Referentes
3. Marco metodolóxico
  1. Técnicas empregadas
    - i. Procura de información na web
    - ii. Entrevistas
    - iii. Tipos de fontes
    - iv. Acceso ás fontes
  2. Ferramentas utilizadas
    - i. Para a gravación de entrevistas
    - ii. Para a gravación de voz
    - iii. Para a edición
    - iv. Para obter efectos sonoros e músicas libres de dereitos
    - v. Para composición de música
    - vi. Para a reprodución e monitorización do audio
  3. Cronoloxía
4. Resultados
  1. Produto final
  2. Memoria
  3. Dificultades
  4. Aporte dos estudos de Xornalismo e Comunicación Audiovisual na realización do produto
  5. Conclusións
5. Anexo. Preguntas das entrevistas
6. Bibliografía

# 1. INTRODUCCIÓN

## a) Motivacións e idea

A idea deste podcast xorde tras coñecer, a través dun contacto meu en La Gomera, a historia de que Franco Meloni, pai da actual primeira ministra italiana, marchara de Italia perseguido por evasión fiscal e recalara en La Gomera onde montara unha discoteca. A historia, se ben moi difusa -de feito nunca cheguei a verificar se marchou de Italia por tales motivos- chamoume a atención dende o primeiro momento. Decidín que quería viaxar ata La Gomera para coñecer de primeira man esta historia e entrevistar aos veciños, movida tamén pola particularidade dunha illa tan pequena (só 21.000 habitantes, 9.000 na vila máis poboada).

A decisión de facelo en formato podcast débese a irrupción deste tipo de contidos no meu día a día dende había pouco tempo. A través de “Misterio en La Moraleja, ¿quién votó a Podemos?”, un podcast de Spotify de Eva Lamarca, concluí que quería seguir consumindo contido xornalístico a través de podcast, e que algún día, eu chegaría a facer o meu propio.

Según Toni Sellas (2012), “no universo do podcasting amateur hai poucas regras, e mesmo quizá a súa característica sexa precisamente a inexistencia de normas acerca da calidade e do estilo”. Non obstante, tras a miña participación no Curso de Podcasting Profesional organizado pola USC, e tendo claras as miñas referencias sonoras, quería realizar un contido que non pecase de *amateur*. O meu obxectivo, pois, era alcanzar un deseño sonoro de calidade, sen silencios ou voces sen fondo, cunha estética coidada e que enganxase ao espectador.

## b) Descrición do produto esperado

O produto agardado era unha serie de 6 capítulos de 20 minutos aproximadamente, nos cales o tempo distribuíríase da seguinte forma: 10 minutos de creación de contexto e localización do ouvinte en La Gomera, a través de relatos dos veciños sobre como é a vida na illa, tradicións, historias, recreación de paisaxes, etc. A segunda metade de cada capítulo centraríanse na vida propiamente do protagonista, Franco Meloni, e na percepción que teñen del os habitantes de San Sebastián de La Gomera, capital da illa e vila na que habitou.

O resultado final diverxeu bastante do agardado: a historia de Franco Meloni resultou ser tan interesante, polifacética e controvertida que optei por dedicarlle un maior tempo de escoita, en detrimento dunha interesantísima, pero menos especial e con menos gancho, historia interna de La Gomera. Aínda así, os primeiros capítulos (1, 2 e 3) danlle bastante importancia ao contexto e a creación de ambiente sonoro e localización na illa, que vai gradualmente disminuíndo nos seguintes episodios. Os 6 capítulos agardados pasaron a ser unha temporada de 9, coa historia inconclusa. O material recabado foi tan amplo que, de cara o futuro, confío en facer entre dous e cinco capítulos máis que poidan dar un punto e final á vida de Franco Meloni en La Gomera.

## 2. MARCO TEÓRICO

### 1. O podcast no ecosistema de medios

Cada día, o contido radiofónico perde ouvintes, que escapan cara o mundo do podcast. Actualmente, é o contido de audio dixital que máis crece (un 54% a comezos de 2023 con respecto ao ano anterior, segundo o Estudo de Audio Dixital 2023 aínda que segue sendo menos consumido que a radio en termos globais). A portabilidade e a dispoñibilidade á carta, a posibilidade de facer outras cousas mentres se escoita e a maior diversidade de temáticas son os principais motivos polos que o formato se atopa en auxe e está provocando un cambio de consumo nos ouvintes de audio dixital.

Para entender o peso dos podcast no sistema de medios actual, remitímonos ao informe Digital 2023: Global Overview Report da axencia We Are Social, onde, ao calcular a repartición do consumo dedicado a medios, observamos que a TV tradicional e as plataformas de vídeo baixo demanda impóñense con claridade (3 h e 23 min diarios en usuarios de 16 a 64 anos); as redes sociais absorben dúas horas e media, e a lectura de textos en papel ou dixitais ocupa dúas horas e dez minutos. Entre os contidos de audio, a música a través de plataformas de streaming domina a demanda (1 h 38 min), e a continuación xa se sitúan os podcasts (1 h 2 min) por diante da radio AM/FM e en liña, á que se dedica menos dunha hora diaria (59’).

Con todo, o máis rechamante é o cálculo relativo, é dicir, a variación porcentual no tempo reclamado por cada medio de 2021 a 2022. Os podcasts creceron un 12,7% (7 minutos máis de escoita media diaria), a maior porcentaxe entre os consignados no informe. Compróbase que o audio falado baixo demanda crece en relevancia na dieta dixital do usuario a nivel mundial, unha tendencia que tamén se constata en España: segundo o Estudo de Audio Dixital 2023, 19 millóns de internautas maiores de 16 anos (61%) xa escoitan mensualmente contidos sonoros en liña: música, radio en directo e diferido, audiolibros, audioprensa e podcasts. Esta última variante foi a única que subiu fronte a 2021, e fíxoo nun considerable 10%.

Toni Sellas (2011) considera que “debemos saber que o termo [podcast] consta dunha dobre dimensión, porque se utiliza tanto para referirse ao continente como ao contido.” (pp. 19-20). Por tanto, un podcast refírese tanto ao contido, neste caso unha reportaxe biográfica, como ao produto, suma do audio e recursos empregados. Isto é algo fundamental, porque o formato podcast non se caracteriza, a diferenza doutros formatos xornalísticos, nunha información onde a forma supeditase ao contido, onde a información pode verterse nunha web apoiada por elementos multimedia, pero nunca contando co mesmo grao de relevancia. No podcast, non obstante, os elementos multimedia (efectos sonoros, música, fondos...) son tan ou máis importantes que a información en si, á hora de captar a atención do espectador. O formato de audio require que a audiencia non perda nunca o foco, pese a posiblemente, estar realizando outras actividades paralelamente, e para non perder o foco hai que dotar ao audio dun grao suficiente de estímulos que se superpoñen e interactúan entre si. “Non esquezamos que un podcast é un produto sonoro. Estamos a facer comunicación mediante o son. Por tanto, o lóxico é coidar a calidade sonora e alimentala con recursos como os efectos de son ou a música” (Sellas, p. 43)

As principais plataformas de podcast en España produciron 263 títulos orixinais en 2022, tres veces máis que os estreados no mesmo período polos servizos de vídeo baixo demanda (83). A ficción

apenas supón un 10% desa oferta, dominada polos podcasts narrativos –en especial, documentais-. Sonora foi a que lanzou máis estreos (84), por diante de Podimo (58) e Podium Podcast (34).

## 1.1 Audiencia

Segundo o estudo de Voxnet “The State of the Podcast Universe”, o consumo de podcast aumentou un 25% no primeiro semestre de 2020, cando a pandemia oficializou o boom do audio dixital. E tendo en consideración un estudo realizado pola empresa publicitaria DentsuX, o consumo de podcast duplicouse desde o ano 2016 e alcanza xa o millón de usuarios diarios en España. Segundo o informe de hábitos de consumo de 2020 realizado por Spotify, “o 45% dos mozos e mozas entre 18 e 35 anos enganouse aos podcast durante o confinamento”. A metade dos consumidores fano “para estar informado e manterse ao día sobre os temas que lles interesan”, entre o 42-44%, “para relaxarse e desconectar”, “aprender cousas novas” e “alonxarse das pantallas”, e tan só un 7% para “coñecer máis sobre personalidades ou personaxes famosos”, algo no que entraría este tipo de podcast. Algo que a priori parece xogar en contra deste podcast, se ben hai outro dato que da paso ao optimismo: “A un 36% dos españois gustaríalles que houbera máis podcast de historias (xornalísticas e de investigación).

En canto á idade, as persoas que máis consomen este formato son os maiores de 45 anos con poder adquisitivo medio-alto. O 69% dos ouvintes, tamén segundo o informe de Spotify, “prefire que os episodios sexan cortos, de 20 minutos de duración” e un 71% son fieis ao seu podcast favorito e non tenden a escoitar máis.

## 1.2 Tipos de podcast

En canto aos tipos de podcast, “non hai unha única clasificación en referencia aos tipos de podcast, pola contra, atopamos unha pluralidade de tipoloxías que variarán en función do criterio en que nos basemos para dispoñer unha taxonomía” (Sellas, 2021). É por iso que eu considero *Meloni, un Marqués en La Gomera* podcast de tipo reportaxe sonora ou infoentretemento, xa que fusiona unha historia real e un traballo xornalístico puro, coa opinión, os detalles humorísticos ou o deseño sonoro dun podcast de tipo “Documental”. Estes volvéronse moi populares a raíz de “Serial”, un podcast en formato True Crime -historia real dun crime e a investigación detrás dela-.

Por un lado, a diferenza dos demais xéneros xornalísticos, a reportaxe sonora incorpora todas as calidades do seu antecesor escrito, debido a que non soamente observa a actualidade, senón que a interpreta de forma creativa e permite elaborala de maneira artesanal (Berry, 2016), trasladándoa ao oínte mediante un relato persoal e directo (McHugh, 2012 e Lindgren, 2016). Por outra banda, desde o punto de vista do audio, posiblemente, é o xénero radiofónico máis completo, xa que fai uso de todos os elementos da linguaxe sonora (palabra, música, efectos e silencio), o que, xunto con axuda das novas tecnoloxías, permítelle mergullar ao oínte na narración (Legorburu, J.M., Edo, C., García, A., 2021)

Desta forma, unha das consecuencias do denominado tsunami do pódcast nativo podería ser, como sinalan Biewen e Dilworth (2017), o boom da reportaxe. As posibilidades que ofrece este formato de audio parecen estar a incidir nas características deste xénero, que está incorporando algunhas dos acenos de identidade da ficción sonora (McHugh, 2016). Concretamente, atopariámonos ante unha

sorte de converxencia da narración creativa de historias reais froito dunha investigación xornalística (Abel, 2015) coa serialidade e as súas técnicas de fidelización (Legorburu, J.M., Edo, C., García, A., 2021), e as dramatizacións e a xeración de atmosferas por medio dun coidado deseño sonoro (Orrantía, 2019).

Este podcast tamén se pode clasificar como “infoentretemento”, xurdido a partir dos anos 80. As orixes do infoentretemento están claras: nun mercado caracterizado pola alta competitividade, no que se da a expansión da televisión privada fronte á pública, xorde o concepto de infoentretemento dentro do ecosistema televisivo occidental. Tendo en conta que a televisión se sustenta principalmente na publicidade, necesita ser un medio masivo para resultar rentable. De aí que a incursión neste novo estilo comunicativo se adapte perfectamente ás circunstancias, pois a natureza do infoentretemento rebaixa a complexidade da mensaxe e permite alcanzar a máis xente (Berrocal Gonzalo, Redondo García e Campos Domínguez 2012).

O infoentretemento implica un tratamento da información apoiado en mensaxes simples, emotivos e sensacionalistas (Labio Bernal, 2008) e unha presentación dos feitos serios de forma “frívola, uniforme e residual” (Cebrián e Berrocal, 2010, p. 43). O fondo está acompañado pola forma, pois no infoentretemento emprega estilos de edición que fan énfase na espectacularidade ó gravado, aumentando o ritmo a partir da sucesión de planos, engadindo música ambiente, efectos de son e unha presentación de tipo enfático (Lozano, 2004).

O infoentretemento na radio convencional non é sinónimo de reportaxe sonora. De feito, moitas veces opóñense: o ritmo rápido da radio, marcado polos cortes publicitarios, as parrillas axustadas e a fugacidade freaban a creación de contido máis pausado, traballoso, e difícil de programar en antena, como a reportaxe. Son os formatos *á carta* e o auxe de plataformas como Spotify, Youtube, Sonora, Podium ou Apple Podcast os que favorecen a mistura de ambos xéneros e a difusión destes contidos que non tiñan espazo na radio convencional. Xustamente, a irrupción desta novas plataformas –tanto as xeradoras de contidos, como as que se dedican só a agregalos– está a desempeñar un papel clave no rápido desenvolvemento do podcasting (Sullivan, 2019). De feito, a vía de distribución dos agregadores está a resultar particularmente relevante á hora de multiplicar a difusión e xerar audiencia, moi por encima das webs e aplicacións orixinarias.

A plataforma que máis aposta polos podcast narrativos de non-ficción é sen dúbida Podimo, de orixe danesa e de aparición tímida en España, pero gran éxito en Dinamarca e Alemania, que albergou 58 dos 129 podcast producidos nesta categoría en 2022 en España (un 45%). Ségueno, aínda que a considerable distancia, Podimo e Audible (15%) e Podium Podcast (12%). Compañías como Spotify ou Ivoox tan só contan cun 5% e un 2%, respectivamente. Destaca este dato porque as plataformas polas que máis escoitan podcast os usuarios son Spotify (25%) e Apple Podcast (20%), según un estudo de Stadista.

## 2. Referentes

Para a realización deste podcast, xa dende a mera concepción da idea apareceron varios referentes dos que tomar inspiración.

Misterio en la Moraleja. ¿Quién votó a Podemos?

Eva Lamarca. 2022

*Sinopse: Mayo de 2021. Los vecinos de la sección 35 de La Moraleja, el barrio más rico de España, acuden a votar en las elecciones autonómicas. Nadie espera sorpresas; como siempre el PP ganará de calle en esa circunscripción donde la izquierda es inexistente. Pero cuando se produce el recuento de votos hay una sorpresa. El resultado es el esperado, pero hay una papeleta, solo una, que ha ido a parar... a Podemos. ¿Quién se ha atrevido a cometer tal sacrilegio? Un año después, la periodista Eva Lamarca acude a La Moraleja para tratar de averiguar quién fue el votante misterioso.*

Este podcast é o principal referente para Meloni, un Marqués en La Gomera. O carácter investigativo e de non-ficción do podcast inspirou dende o primeiro momento esta obra. Buscaba o mesmo concepto: unha investigación, onde se desvelen pouco a pouco informacións sobre os protagonistas, onde a historia se constrúa a través de entrevistas e mediante a construción dun ambiente e dunha forma de vida (o barrio de La Moraleja ou a illa de La Gomera). Que o protagonista, en definitiva, non fora o votante de Podemos nen o italiano de San Sebastián, senon o propio barrio, a propia vila en si. Todo isto sen pasar polo filtro neutro da información, senon personificando á investigadora, como fai Eva Lamarca: metémonos na súa cabeza, nas súas impresións, nas súas inquedanzas... a súa voz en off interrompe algunhas entrevistas para dar opinión. A súa presenza nunha igrexa fai que nós entremos con ela, grazas as súas descripcións, baseadas en experiencias personais, e aos efectos sonoros.

Esta reportaxe ten só 5 capítulos de media hora cada un. A nivel temporal, enganchan e consiguen que te quedes no coche un ratiño máis, pero busco unha cantidade maior de episodios (a duración perfecta son 8, segundo se explicou no Curso de Podcast da USC, duns 20 minutos).

### Blum

El extraordinario.

*Clara Pastor es una estudiante de Historia del Arte que lleva años investigando a la pintora suiza Ursula Blum. Un día desaparece sin dejar rastro. Años después, la periodista Emma Castillo descubre esta historia y decide continuar su investigación viajando a Suiza. Una aventura que la llevará a recorrer 9 ciudades helvéticas, descifrar obras de arte en los 10 Art Museums of Switzerland, visitar tiendas de antigüedades misteriosas, bibliotecas milenarias, recorridos en tren deslumbrantes, huidas por la nieve recién caída.*

Podcast de ficción, pero que segue o esquema anterior. Unha investigadora decide viaxar a Suiza para seguir o rastro de Ursula Blum, pintora e enfermeira que morreu en extrañas circunstancias e cuxa figura está envolta nun gran misterio. As entrevistas son as ferramentas reveladoras de nova información e os efectos sonoros son os encargados de trasladarnos a Suiza, a cada vila, praza, viaxe en tren, museo, cementerio, etc. así como ao pasado de Ursula Blum: á guerra, ao psiquiátrico, as reunións de pintores da época, etc.

Son 12 capítulos de 20 minutos cada un, aproximadamente, unha referencia temporal que me parece adecuada, ideal para consumir tanto no coche como na casa, e na que me baso.

### La fucking condición humana

El Extraordinario.

*Todo lo humano tiene que ver contigo. La vergüenza, el orden, el trauma, la muerte... y algunas rarezas como imaginar cómo sería el mundo si fuéramos humanos de miniatura ¡o incluso explicar la historia de la humanidad mediante la historia de los mensajes que nos mandamos!*

*Algunas de estas historias serán un espejo para ti (podrás reconocerte en ellas). En otras descubrirás a otras personas que no tienen nada que ver contigo (y eso te ensancha las entendederas).*

La fucking condición humana é un referente non a nivel de historia ou modo de narración, senon a nivel de calidade. Busco o grado de perfeccionismo que leva a Javi Álvarez, o seu deseñador sonoro, de encher o podcast de efectos sonoros, efectos de tempo tono e reverberación, música e creación de paisaxes. Os seus capítulos, episódicos, son unha viaxe en si mesmos a lugares de repente extraordinarios, xa sexa o medio do océano ou ao contedor da basura. A capacidade dos creadores de pararse en cada detalle e xerar contido inmersivo en cada un deles é, sen dúbida, unha referencia fundamental.

Hai 21 capítulos en dúas temporadas diferentes, de duracións variables que van dende os 3 minutos aos 50. A variabilidade depende da temática, por iso, para o meu podcast non tiven medo a facer capítulos de diferentes duracións, dando prioridade á narración.

### **3. MARCO METODOLÓXICO**

#### **1. Obtención de información**

##### i) Búsqueda en internet

Para a realización deste proxecto, optouse por unha dobre liña investigativa: por unha banda, recorrer a toda a información posible que poidera obter na web, a través de medios de comunicación nacionais e italianos, páxinas web sobre La Gomera, información sobre Giorgia Meloni, etc. O 26 de setembro aparece nos xornais españois, e pouco despois fanse eco diso os italianos, a noticia do curioso pasado de Franco Meloni. “La futura nueva primera ministra italiana, Giorgia Meloni veraneaba en La Gomera”, de Gomera Noticias, “Giorgia Meloni veraneó cuando era una niña en La Gomera” e “A Georgia Meloni le marcó la tormentosa relación con su padre” de Diario de Avisos (noticias asinadas por Norberto Chijeb, quen despois sería unha fonte importantísima para o podcast) foron as primeiras en dar a coñecer esta historia. A partir de aí, a noticia faríase eco e chegaría a medios como El País ou El Mundo, ata saltar aos xornais italianos. A lectura e catalogación de todas estas noticias foi o primeiro paso para establecer as bases da historia, as ideas fundamentais que tiña que tratar no podcast e guiar as primeiras entrevistas que realicei.

O segundo paso foi informarme en si sobre a Gomera. Información sobre o turismo na illa, o folclore, a historia ou elementos propios tan característicos como o silbo gomero foron fundamentais para ubicarme na illa e saber que aspectos quería tocar no relativo á súa forma de vida e particularidades. Desta investigación obtiven o contacto de Carlos Simancas, quen participa no podcast como principal fonte de contexto, ou Fabián Mora, a quen descubrín a través de internet ao ser actualmente un cocifeiro afamado con pasado relacionado co Marqués de Oristano, o restaurante fundado por Franco.

##### ii) Entrevistas

O segundo, e máis importante, método para a obtención de información (e color) da historia de Franco Meloni foron as entrevistas.

- 1) Optouse primeiro por unha fase de entrevistas telefónicas. Son adecuadas para falar rapidamente cunha fonte, sen desprazarme ata La Gomera, e máis natural para a veciñanza (moitos deles de idade avanzada) que unha videochamada, pero ofrece unha peor calidade. En moitos casos, as entrevistas foron forzosamente telefónicas,

posto que aínda querendo realizalas por outros medios de mellor calidade, as fontes optaban polo método tradicional. Accedín a estas fontes grazas a contactos que xa tiña na illa, ou leves procuras en internet de personas que cumprisen co perfil buscado. Foron chamadas moi productivas porque me permitiron crear unha imaxe mental de Franco Meloni e unha relación del coa veciñanza. Realicei entrevistas telefónicas a:

- Isabel, usuaria da Fin Fan
- Nai de Isabel (non queren introducir os seus apelidos), amiga de Franco
- Fabián Mora, cocinheiro
- Veciña anónima San Sebastián, que coñeceu a Franco.
- Carlos Simancas, veciño que realiza traballo etnográfico sobre La Gomera
- Esteban Reyes, profesor de historia de La Gomera.
- Veciña anónima 2, habitante de San Sebastián.
- Manuel Padrón, traballador do Concello de San Sebastián (non usada no podcast)
- Veciño anónimo que traballou para Franco.

2) Outra das opcións escollidas foi a videochamada. Este método permitíume conseguir maior cercanía coa fonte, ao vernos a cara e poder falar máis distendidamente, ademais de obter unha mellor calidade de audio, tanto polo propio hardware de audio de Zoom como polo mecanismo de gravación (a propia gravación integrada en Zoom, por sobre a captación cunha gravadora, do audio da chamada, un formato de mala calidade, interferencias e perdas). Desgraciadamente, a maioría dos entrevistados non quixeron realizar videochamadas ao insistir no seu pouco coñecemento das tecnoloxías. Por iso, o meu único entrevistado por esta vía foi:

- Daniel Tovar, xornalista

3) Finalmente, optouse polas entrevistas en persoa. Para iso, realicei dúas viaxes a La Gomera. Os aspectos positivos deste método foron a maior cercanía coa persoa entrevistada, e tamén as conversacións off the record que me permitiron coñecer máis detalles da historia. Ademais, coñecer as persoas e estar in situ en San Sebastián abriu a porta a que unha fonte me recomendara a seguinte, mediando incluso para logralo, ou me explicasen en que piso vivían que amizades de Franco. Definitivamente, o método de entrevista en persoa, nunha vila pequena, é a máis efectiva. O único problema foi a insistencia de algunhas fontes para vernos en espazos abertos ou públicos, co cal a calidade do audio cae e require un maior esforzo en postproducción para salvar algúns tramos das entrevistas. La Gomera destaca especialmente, ademais, por ser un espazo moi ventoso, co cal houbo entrevistas que directamente non puideron nin comezar. As persoas entrevistadas en persoa foron:

- Luis Darias, coñecido de Franco.
- Chago Mora, traballador de Franco.
- Casimiro Curbelo, presidente do Cabildo de La Gomera.
- Alfredo Herrera, vicepresidente do Cabildo de La Gomera.
- Norberto Chijeb, xornalista de Diario de Avisos.
- Norberto Medina, traballador de Franco.
- Carmita, amiga de Franco.
- María del Carmen Mesías, amiga de Franco.

- Asiria Mesías, compañeira da infancia de Giorgia Meloni (non usada no podcast)
- Manolo Lino, etnógrafo de La Gomera e achegado de Franco.
- Victoria, veciña de San Sebastián.
- Esteban Reyes, profesor de Historia no instituto de San Sebastián.
- Ana Luz Arteaga, profesora de silbo gomero.
- Osvaldo, veciño de San Sebastián (non usada no podcast)

### 1.1 Criterios de selección das fontes

As fontes foron escollidas en base á:

- Relación con La Gomera: personas que me poideran dar un contexto xeral da vida e da historia de La Gomera, trasladarme aos anos 80-90, cando Franco viviu alí.
- Relación con Franco: A pertinencia da súa información dependía tamén do coñecemento e a cercanía que as fontes tivesen co protagonista, dándolle maior importancia ás declaracións dun amigo próximo, que as dun traballador ou dun veciño. As preguntas realizadas tamén dependen moito do tipo de relación que se tivera con el, entendendo ao suxeito como unha persona poliédrica. Así:

Contexto de La Gomera	Persoas	Porcentaxe
Etnógrafos / especialistas en historia e etnografía gomera	Manolo Lino Carlos Simancas Ana Luz Arteaga Esteban Reyes	18,18%
Xornalistas	Daniel Tovar Norberto Chijeb	9,09%
Políticos	Casimiro Curbelo Alfredo Herrera	9,09%

Relación con Franco Meloni		
Amigos	María del Carmen Mesías Isabel (nai) Carmita Manolo Lino	18,18%
Coñecidos	Luis Darias Veciña anónima	9,09%
Amigos dos fillos	Chago Mora Osvaldo Asiria Mesías Esteban Reyes	18,18%
Traballadores	Chago Mora Norberto Medina	9,09%
Relación institucional /	Casimiro Curbelo	18,18%

empresarial	Alfredo Herrera Veciño anónimo Manuel Padrón	
Veciños (sen trato personal)	Victoria Fabián Mora Veciña anónima 2 Isabel (filla) Carlos Simancas	22,27%
Xornalistas (investigación da figura, sen trato personal)	Norberto Chijeb Daniel Tovar	18,18%

A maneira de acceder as fontes foi moi diversa.

- 1) Procura en internet de persoas relacionadas con Franco ou con La Gomera. Por exemplo, Fabián Mora estaba relacionado co Marqués de Oristano, pois no seu currículum aparecía que traballara alí. Contacto a través de correo electrónico.
- 2) Procura en internet dos xornalistas que produciron algún artigo relacionado con Franco.
- 3) Contacto a través de persoas coñecidas en La Gomera. Unha profesora da escola de música de San Sebastián e unha estudante da vila eran as persoas que eu coñecía previamente. A través delas accedín a unha gran cantidade de fontes.
- 4) Contacto a través doutras fontes, que tras entrevistalas ou falar con elas, recomendan, median ou me explican como contactar con terceiros.
- 5) Mediación directa con personas que coñezo durante a miña estancia na vila. Por exemplo, coñecín a Victoria facendo sendeirismo.

Ante a situación tan controvertida da figura de Franco Meloni, cun final difícil debido a súa detención por narcotráfico e a súa vinculación actual coa presidenta italiana, moitas fontes potenciais preferiron non participar neste podcast.

## 1.2 Acceso ás fontes

Así, o total de fontes gravadas foi de 22, das cales foron finalmente utilizadas 20. Delas, 3 preferiron manter o seu nome no anonimato, e unha, modular a súa voz. O ratio de éxito non é moi alto, posto que o número de personas contactadas foi de 65, das cales 19 foron por Whatsapp ou chamada telefónica, 14 por Instagram, 3 por Facebook, 9 por correo electrónico e 20 directa ou indirectamente, a través doutros veciños de La Gomera que, unha vez estando alí, intermedian para coñecernos, de xeito que o primeiro contacto que estas persoas teñen de min é a través doutra persoa coñecida.

Medio empregado	Persoas contactadas	Porcentaxe sobre o total	Fontes finais	Ratio de éxito sobre fontes contactadas por este medio	Ratio de éxito sobre fontes finais
Whatsapp/telé fono	12	18,46%	4	33,33%	6,15%

Redes Sociais (Instagram + Facebook)	17	26,15%	0	0%	0%
Correo electrónico	9	13,85%	3	33,33%	13,63%
A partir de 3os ou por acción directa en La Gomera	27	41,53%	15	55,55%	68,18%
Total	65	100%	22	-	33,84%

En conclusión, o método máis útil para atopar fontes foi viaxar ata La Gomera e acceder a persoas de alí. A través de xente que coñecín en La Gomera, xa fora as dúas persoas que coñecía de antes ou persoas que ía entrevistando, fun conseguindo novas fontes para entrevistar. Así, a través da profesora de música de La Gomera contactei con Luis Darias, e a través de Luis Darias, con Norberto Medina, por exemplo. Ademais, o feito de que a súa primeira impresión de min viñese por unha terceira persoa, que coñecen e na que confían, axuda moito a acadar esa confianza na xornalista. Casos como o de Asiria Mesías ou Victoria son algo diferentes, pois non recibiron recomendación miña de ninguén, pero coñecéronme en persoa na illa, o cal tamén favorece que se abran ao poñerlle cara e tono de voz á persoa que está a investigar. Se non tivese feito o podcast en La Gomera, non tería conseguido a meirande parte das miñas fontes e información, e tería carecido de moitísimos detalles interesantes.

Así, o 68,18% das fontes finais proveñen deste xeito de interacción, se ben aínda que é o máis exitoso, é relativamente errático, pois o 44,45%, case unha de cada dúas persoas contactadas deste xeito, igualmente decidiron non participar. Isto débese tamén á figura controvertida de Franco Meloni, persoa con diñeiro que rematou detida por narcotráfico e estivo inmerso en certos asuntos escuros durante a súa estancia na illa. As respostas negativas máis comúns, en este sentido, resultaban ser un “non sei nada, non o coñecín”, aínda tendo eu referencias contrarias ao respecto; ou “prefiro non falar do tema”, aludindo a que existe coñecemento sobre o asunto, pero óptase por non compartilo.

O correo electrónico foi un método útil para contactar cos xornalistas e persoas derivadas de institucións, pero que facilita moito a capacidade da fonte de non contestar, ou a posibilidade de que non chegue a ler o correo en cuestión. O método de Whatsapp, que aportou o 6,15% das fontes finais, pertence a aquelas persoas que recibiron a súa primeira impresión de min a través de Whatsapp, sen un aviso previo de que ían ser contactadas e sen coñecer o meu traballo. É un método que se presta moito máis ao non contestar e ao non confiar, se ben, aínda houbo algúns éxitos sorprendentes, como o presidente do Cabildo, Casimiro Curbelo, ou o principal etnógrafo da vila, Manolo Lino. Ademais, aínda non obtendo un pleno éxito dende o teléfono, si foi nalgúns casos o primeiro paso para despois conseguir futuras entrevistas. Por exemplo, a través de Esteban Reyes conseguín o contacto de Francis, e posteriormente de Axel, fillo adoptivo de Franco, aínda que non quixo participar.

Definitivamente, o método menos exitoso foi o das redes sociais, de onde non obtiven ningunha fonte pese a longos esforzos de procura de persoas. Isto débese, considero, a dous factores. O primeiro é a falta de uso das potenciais fontes deste tipo de plataformas. Ao final, as persoas que contactaron con

Franco nos anos 80-90 teñen agora 60-70 anos, e moitos deles nen sequera leron a mensaxe enviada, A segunda posibilidade é que non a considerasen digna de resposta ao tratarse dun medio de comunicarse bastante inusual para eles, probablemente tamén asociado a estafas, publicidade, falsa identidade e desconfianza. Non ser capaz de establecer unha ponte fiable a través das redes sociais coas potenciais fontes foi unha mágoa, ou quizáis un erro, que me puido custar novas fontes de información e vías de investigación.

## **2. Ferramentas utilizadas**

### **2.1) Para a realización de entrevistas**

#### **1. Tascam DR-40**

A tascam é unha gravadora de alta fidelidade con conexións externas por cable XLR e micrófono interno mono e estéreo. As vantaxas da Tascam foron a súa portabilidade, a posibilidade de usala con pilas ou conectada a unha Power Bank e a súa direccionalidade á vontade, ao poder modular a dirección dos receptores. Para as entrevistas, é positiva a súa discreción, de xeito que os entrevistados non son tan conscientes de estaren sendo gravados cando non teñen un micro apuntando cara eles. O negativo é a súa sensibilidade ao vento e a provocación de interferencias ao gravar chamadas telefónicas, así como o ruído que provoca e a sensibilidade a ecos e golpes na mesa.

Empreguei o micrófono interno da Tascam para:

#### **a) Captación de ambientes sonoros de:**

- i) Barco de Los Cristianos ata San Sebastián
- ii) Mar e ondas en El Pescante de Hermigua e a Playa de la Cueva.
- iii) Paxaros e gotas de auga pingando no parque del Garajonay
- iv) Sonido ambiente nas rúas de San Sebastián de la Gomera
- v) Sonido ambiente de vilas máis pequenas, neste caso Imada
- vi) Sonido ambiente de festexos populares e cantigas realizadas nun escenario en San Sebastián.
- vii) Sonido ambiente da celebración do evento deportivo Atlantic Challenge en La Gomera.
- viii) Clase de silbo gomera impartida nun hotel para os turistas
- ix) Visita pola cidade con Luis Darias

#### **b) Realización de entrevistas de:**

- i) Mari Carmen Mesías
- ii) Veciña anónima 2 (telefónica)
- iii) Veciño anónimo (telefónica, introducindo moitas interferencias)
- iv) Carmita
- v) Victoria
- vi) Casimiro Curbelo
- vii) Alfredo Herrera

## 2. Micrófono de solapa XLR

O micrófono de solapa é un pequeno dispositivo conectado á TASCAM, con paraventos e omnidireccional, que da gran calor ás voces graves e xenera sensación de proximidade. A calidade é boa e introduce un ruído facilmente correxible, pero a súa omnidireccionalidade capta sons que poden estorbar, e o mínimo roce coas prendas de roupa fai o sonido inservible. Foi unha das mellores opcións para realizar entrevistas na casa onde me quedei, dado as poucas interrupcións e a facilidade para montala sen violentar á persoa cun micrófono máis grande e voluptuoso. Conseguii unha moi boa calidade de son, sen desniveis da voz, pero non o puiden empregar en entrevistas exteriores ou en espazos con eco, onde a direccionalidade era fundamental.

Realicei entrevistas co micrófono de solapa a:

- i) Luis Darias
- ii) Chago Mora

## 3. Micrófono Shure SM58.

O Shure SM58 é un micrófono altamente direccional, cardioide, ideal para gravacións en exteriores posto que a súa sensibilidade a sons que se escapan do seu radio é moi limitada. Por iso, foi un gran éxito contar con el para a realización das entrevistas de Norberto Chijeb, que por temas de tempo (el estaba en Tenerife) tivo que ser realizada no porto de Los Cristianos, cun ferry descargando e cunha cafetería con música de fondo. Non obstante, a calidade do audio de Norberto é bastante adecuada e, aínda que non sexa a mellor e custe nivelala con respecto a outras voces, é totalmente intelixible e ten boa calidade. O mesmo sucede coa entrevista de Manolo Lino, que debeu ser realizada, por petición expresa e inamovible do entrevistado, nunha cafetería na plaza principal de San Sebastián. O mundial de fútbol sonaba de fondo, e había varios nenos xogando na praza, pero a claridade do audio mantívose, salvo en contadas ocasións, grazas á direccionalidade do micrófono. O paraventos axudou, ademáis, a evitar as Ps e as Ts do entrevistado e a limitar o vento, que foi escaso, pero suficiente para ter interferido de terse empregado a Tascam en solitario, por exemplo. O negativo deste material é a súa voluptuosidade (difícil para o entrevistado esquecer que está a ser gravado), a diferenza de volume do audio resultante, pois o entrevistado ao moverse, cambiar de postura, alonxarse do micro, falar de lado, etc, fai que a voz de capte de xeito diferente (isto houbo que houbo correxirse en posproducción) e o seu gran tamaño, a nivel de micrófono, paraventos, funda, cable, TASCAM e soporte, o que fai que moitas veces saíra de casa sen dito micrófono directamente, non puidendo utilizalo en momentos nos que se prestaría. O seu gran tamaño tamén fixo que en moitas entrevistas clave decidira optar pola Tascam, ante o risco de que o entrevistado non se abrise de todo ao percibir un aparato tan grande e formal diante súa.

Realicei entrevistas con este micrófono a:

- i) Norberto Chijeb
- ii) Manolo Lino
- iii) Esteban Reyes
- iv) Norberto Medina

## 4. gravadora do ordenador Windows HP Pavilion.

Empregada para entrevistas telefónicas realizadas dende casa. Non garante unha calidade óptima, pero non introduce ningunha interferencia (a Tascam si). A calidade do audio das chamadas telefónicas depende moito do medio empregado para realizar ditas chamadas:

- a) A chamada telefónica mostra a peor calidade posible, cunha voz lonxana, metálica.
- b) A chamada de Whatsapp amosa unha calidade superior, cunha voz máis cálida.

- c) A chamada vía Zoom resultou ser da mellor calidade, parecendo incluso unha voz en persoa. Isto débese tamén a gravar dende o propio ordenador, unha chamada que se está a producir dende el, e non unha chamada dende un terceiro dispositivo, como pode ser un móbil.

Cabe destacar que a Tascam ten maior rango de frecuencias e consegue unha claridade maior, pero introduce interferencias ao poñela preto do móbil. Isto provocou que a entrevista a un veciño anónimo pasara máis de dúas horas en post-produción intentando subsanalo. Neste proceso, gran parte da calidez e as frecuencias que se obteñen coa Tascam perdéronse para poder recuperar a intelixibilidade.

Realicei con este micrófono as entrevistas a:

- a) Veciña anónima (Whatsapp)
- b) Fabián Mora (teléfono)
- c) Carlos Simancas (teléfono)
- d) Daniel Tovar (Zoom)
- e) Esteban Reyes (teléfono)

O resto do equipo utilizado foi:

-Auriculares AKG K52, cos que puideron monitorizar o son que entraba na Tascam, para nivelalo, atopar o punto correcto de entrada de son en relación ao ruído, etc.

-Batería portátil para a Tascam.

-Lana de roca, para usar de cortaventos e limitador de ambiente e reverberacións á hora de gravar coa Tascam.

## **2.2) Para a gravación de voz**

Para a gravación de voz propia do podcast, optei pola adquisición dun micrófono Samsom Q2U, que presentaba unha aceptable relación calidade precio. A voz posteriormente sería editada empregando diferentes axustes de Adobe Audition, sendo estes:

- a) Redución de ruído
- b) Ecualizador paramétrico, para reforzar certas frecuencias e dar cor á voz.
- c) Eliminador de chasquidos automático, para protexer o oído de pequenos desperfectos na gravación e chasquidos producidos pola saliva.
- d) Amplificador vocal
- e) Compresor multibanda, que impulsa frecuencias intermedias por sobre as extremas.

Cabe destacar a presenza de voces non tomadas con dito micrófono, pero sometidas ao mesmo proceso. Estas voces, que solicitei puntualmente a compañeiros de profesión para a dobraxe de cortes noutros idiomas, lectura de titulares ou artigos xornalísticos, foron tomadas cos medios que cada invitado considerou: a gravadora do seu propio teléfono, micrófonos que tiveran en propiedade, estudo da Facultade de Ciencias da Comunicación... non considerei moderar neste aspecto, pois a calidade era o suficientemente óptima nestes casos como para non mediar no proceso.

### **2.3) Para a edición**

Para editar o audio e as entrevistas, empreguei o programa Adobe Audition, versión 2022. Este editor permíteme empregar múltiples pistas de audio, un enorme bastidor de efectos, introducir cambios de volume, correccións de son, etc. Os efectos máis empregados foron:

- a) Nivelador de voz, para acadar unha uniformidade no son
- b) Limitador forzado, para evitar picos de son desagradables
- c) Reverberación, para lograr dito efecto en palabras clave
- d) Panorámica, para lograr correxir defectos só captados por unha canle nas pistas de audio (vento, por exemplo, que só entra na canle dereita) ou xenerar efecto de movemento trasladando un efecto sonoro dun oído a outro.
- e) Eliminar reverberación, para correxir audios gravados en espazos cunha acústica deficiente.
- f) Efectos de corrección da voz, como todos os mencionados no apartado anterior
- g) DeHummer, para evitar sonidos graves e puntuais derivados de golpes na mesa ou respiracións fortes, por exemplo.
- h) DeEsser, para eliminar a sibilancia da voz
- i) DeClicker, para reparar erros da gravación e exceso de saliva na voz.
- j) Remezcla, para alongar ou acurtar efectos e cancións e adaptalos ao tamaño das pistas de voz.

### **2.4) Para obter efectos sonoros e músicas libres de dereitos**

Os bancos de son e música foron fundamentais á hora de conseguir efectos sonoros e música libres de dereitos de autor que completasen o traballo e xenerasen atmósferas. A páxina empregada foi Pixabay, pero tamén e en menor medida Youtube Studio.

### **2.5) Para a composición musical**

Para a realización de composicións musicais valínme dos Apple Loops de Logic Pro X, un programa de composición e edición musical a través do cal puiden descargar “loops”, é dicir, fragmentos breves de instrumentos musicais por separado, libres de dereitos de autor, que ao xuntárense e reproducírense en bucle, xeneran o efecto de continuidade e grupo. Eran perfectos para a composición de melodías de fondo que se adecuasen aos diferentes ambientes do podcast, e ao tono daquilo que se di.

### **2.6) Para a reprodución e monitorización do son**

A reprodución do son, para a súa monitorización durante o proceso de edición, foi un dos procesos máis complexos da creación do podcast, dado a súa variabilidade dun dispositivo a outro. O que parece nivelado dende os auriculares, non o está dende os altavoces do ordenador, un móbil ou outra marca diferente de auriculares. O proceso de reprodución e monitorización foi cambiando, comezando por un altavoz compacto JBL, pasando a dous altavoces Samsung e uns auriculares Energy System, ademáis do propio volume do ordenador MacBook Air. O contraste entre estos dispositivos permitíame atopar un punto medio que semellase adecuado en todos os dispositivos, priorizando sempre a intelixibilidade das voces.

### 3. Cronoloxía

A realización do podcast realizouse nestes tempos:

1-10 de outubro: Descubrimento e desenvolvemento da idea

10-30 de outubro: Documentación exhaustiva e realización das primeiras entrevistas telefónicas: Veciña anónima, Fabián Mora, Isabel nai e filla.

1-25 de novembro: Creación dun podcast piloto de 3 capítulos (“Destino la Gomera”), coa axuda das miñas compañeiras Malena Fernández e Carlota Álvarez e baixo a supervisión de Ricardo Rodríguez Ruiz.

**28 novembro-14 decembro:** Primeira viaxe a La Gomera. gravación de ambientes sonoros e entrevistas a Norberto Chijeb, Luis Darias, Casimiro Curbelo, Alfredo Herrera, Esteban Darias, Asiria Mesías, María del Carmen Mesías, Manolo Lino, Carmita, Osvaldo, Veciño anónimo e Chago Mora.

**25 xaneiro-10 febreiro:** Segunda viaxe a La Gomera. gravación de ambientes sonoros, composición das primeiras pezas musicais inspiradas in situ, descubrimento da isla e das costumes e introdución ao silbo gomero, visita ao Museo Arqueolóxico (antiga casa de Franco), entrevistas de Norberto Medina, Victoria, Veciña anónima 2 e Ana Luz Arteaga.

10 febreiro-20 abril: Recorte das entrevistas, clasificación dos audios pola súa temática, corrección de audios para mellorar a calidade sonora da voz e eliminar ruidos de fondo.

20 abril-Final: Creación do guión definitivo en base aos cortes xuntados da mesma temática. Búsqueda de efectos sonoros para introducir segundo o guión vai avanzando. Nivelación de audios. gravación de voz propia.

10 maio-Final: Composición musical de acompañamento.

Os procesos que sigo para compoñer un capítulo son:

1. Xuntanza de cortes de temática semellante. Filtrado dos que interesan por sobre os que decido non incluír.
2. Creación dun guión esquemático, que serve para organizar os contidos e ordenar por orde cronolóxico de aparición os cortes dos entrevistados
3. Creación do guión definitivo, xuntando as voces ordenadas, e introducindo a miña, para presentar aos entrevistados, completar aquilo que falta, aportar opinión, color, etc.
4. Procura e introdución de efectos sonoros.
5. Introdución de música. Para iso, podo compoñela, buscala dun banco de sons libre de dereitos, ou descargala con dereitos de autor, en contadas excepcións: naquelas nas que, debido ao contido narrativo, requírrse a presenza de algunha canción específica.

Paralelamente a todo isto danse procesos de montaxe, intentando solapar os contidos para que non haxa transicións bruscas, e nivelación de volume, para conseguir intelixibilidade e equilibrio entre todos os elementos da obra.

## 4. RESULTADOS

### 1. Producto final

O resultado final rematou por ser unha primeira temporada do podcast, consistente en 9 episodios de aproximadamente 20 minutos cada un (agás o primeiro, que por ser introdutorio, dura a metade). A distribución foi a seguinte:

**Capítulo 1. A 4000 km.** 9 minutos. Capítulo de contexto: quen é Giorgia Meloni? Quen é o pai? Como me enterei desta historia?

Enlace:

[https://drive.google.com/file/d/19v1pERO\\_I5rnEC2tX\\_bGt\\_T1pIX-Uv7B/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/19v1pERO_I5rnEC2tX_bGt_T1pIX-Uv7B/view?usp=sharing)

**Capítulo 2. A bordo del Caballo Loco.** 25 minutos. Franco Meloni na prensa. Viaxe a La Gomera. Paisaxe e historia de La Gomera. Descuberta da casa de Franco Meloni.

Enlace:

<https://drive.google.com/file/d/1c0js12aq6oljexy-HGyTF2l3a4xaY-Sb/view?usp=sharing>

**Capítulo 3. El Marqués de Oristano.** 21:30 minutos. Historia e idiosincrasia de La Gomera a través do gran incendio de 1982. Visita ao restaurante fundado por Franco, o Marqués de Oristano, a través dos recordos dos veciños.

Enlace:

<https://drive.google.com/file/d/1-uaRROPEpxJD29qr2OOjFiChIc-iwrR/view?usp=sharing>

**Capítulo 4. La discoteca.** 17 minutos. Contexto de la Gomera a través das súas festividades. Visita á discoteca fundada por Franco, a Fin Fan, a través dos recordos dos veciños.

Enlace:

<https://drive.google.com/file/d/1HwCipznuhcJQqjdQOpDHBUuwQLTgGEUc/view?usp=sharing>

**Capítulo 5. Un triunvirato peculiar.** 22:30 minutos. Contexto dos mariñeiros galegos con Al Capone a través do meu avó. Conexión de Al Capone con Franco. Relación de Franco Meloni con Pedro Rodríguez, médico de Tenerife, Indalecio Darias e Benjamín Trujillo, amigos e personas influíntes en La Gomera.

Enlace:

[https://drive.google.com/file/d/1\\_YZbxzHBEbcv7J4tfAUPL4z\\_u-0FK9nR/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1_YZbxzHBEbcv7J4tfAUPL4z_u-0FK9nR/view?usp=sharing)

**Capítulo 6. ¿Tomaba tripis Angela Merkel en La Gomera?** 15 minutos. Historia de La Gomera a través da cultura hippie e as drogas. Relación de Angela Merkel con La Gomera. Relación de Franco Meloni coa droga, con John Palmer, mafioso inglés, e festas que realizaba no Club Náutico.

Enlace:

[https://drive.google.com/file/d/1Bygw5zxcekOdyrLQV2m2o\\_19lr5lNR7e/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1Bygw5zxcekOdyrLQV2m2o_19lr5lNR7e/view?usp=sharing)

**Capítulo 7. La mafia unida jamás será vencida.** 13 minutos. Relación de Franco Meloni con amigos italianos, primeiros indicios de pertencer a algunha mafia.

Enlace:

[https://drive.google.com/file/d/1-2jOunD8h\\_juWOUKSU24S1TIWGz8heTg/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1-2jOunD8h_juWOUKSU24S1TIWGz8heTg/view?usp=sharing)

**Capítulo 8. Fundar una familia.** 18 minutos. Historia de La Gomera a través da secta dos mormóns. Historia personal e familiar de Franco Meloni en La Gomera.

Enlace:

[https://drive.google.com/file/d/1dN7yUEomZyrs9pWH9\\_XoOHI205EFfJbE/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1dN7yUEomZyrs9pWH9_XoOHI205EFfJbE/view?usp=sharing)

**Capítulo 9. ¿Tiene daddy issues Giorgia Meloni?** 20 minutos. Repaso ás declaracións de Giorgia Meloni sobre o seu pai na prensa. Historia de amor inesperada.

Enlace:

[https://drive.google.com/file/d/1\\_nkqiK78GjhubxVjprT\\_CfBz07JksIH4/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1_nkqiK78GjhubxVjprT_CfBz07JksIH4/view?usp=sharing)

## Portadas

Para dotar dunha liña gráfica ao podcast, encarguei á miña compañeira Malena Fernández portadas coas que se identifican cada un dos capítulos. O estilo escollido foi o retro pop, debido á viaxe aos anos 80 e 90 na que se ambienta o podcast, e a técnica de collage, debido á mestura de elementos que atopamos no podcast, posto que introducimos trazos culturais gomeros, historia de La Gomera, historia de Franco, de Giorgia Meloni, etc. e ademáis a historia cóntase de maneira fragmentada, segundo eu vou adquirindo información e montando o puzzle da veracidade. Por todo isto, estes dous métodos parecerónnos os máis identificativos do xeito de crear, e contar, este podcast. Os recortes de imaxes empregados proveñen de imaxes tomadas por min en La Gomera, de librerías sen dereitos de autor, e de Giorgia Meloni obtidas da rede. Así, o resultado é o seguinte:

- a) Para a portada, que identificará ao podcast nas principais plataformas onde se publique:



b) Para os diferentes capítulos:





c) Para realizar publicidade ao podcast, tanto en cartelería como en redes sociais:



## 2. Memoria

Realizar este podcast foi unha tarefa vertixinosa. A elección foi rápida, motivada por unha asignatura, Industrias Creativas e Ideación, que obrigaba a escoller un tema en outubro para realizar un podcast de tres episodios en clase. O coñecemento da figura de Meloni, tan só uns días despois, precipitou o traballo desta asignatura e xenerou o xérmolo de ampliálo para facer dela un TFG, decisión que tomaría tan só unha semana despois.

O comezo foi alentador e fácil: grazas á miña fonte en La Gomera, unha traballadora da Escola de Música, antiga discoteca Fin Fan, puideron contactar cunha amiga de Franco e cunha alumna da escola, que ao teléfono, describíronme os negocios de Franco. Buscando en internet atopei a figura de Fabián Mora, cuxas palabras permitiron trasladarme a La Gomera e deixar claro que había historia. A supervisión de Ricardo Rodríguez a través da súa asignatura Industrias Creativas e Ideación axudoume moito a entender como construír un podcast ameno, e o seu optimismo de cara ao noso traballo motivoume moitísimo tamén para sacalo adiante.

A miña viaxe a La Gomera prodúcese nos compases finais do primeiro cadrimestre, porque a miña ilusión era desbordante. Grazas ao equipo técnico da facultade puideron achegarme á illa co material necesario. Decidín ir 14 días para non comprometer o meu calendario universitario, aproveitando a ausencia dun profesor e dous días festivos. Foi unha experiencia moi enriquecedora. Xa dende o primeiro día tiven unha dificultade: o ordenador non soportou o voo e nen sequera encendeu unha vez chegado a chan canario. Non poder monitorizar os audios que estaba gravando púxome excesivamente nerviosa, e o feito de que en La Gomera non tivera tendas onde reparalo ou mercar un adaptador de tarxeta SD, para poder empregar outro ordenador en La Gomera, fíxome entender, polas malas, o que implicaba vivir nunha illa así.

Quitando ese fatal trago, os meus primeiros días na illa foron maravillosos, porque as fontes foron extraordinarias. Norberto Chijeb e Luis Darias, que de feito son das persoas que máis falan no podcast, foron entrevistados nos primeiros días, polo que o meu entusiasmo foi considerable. Pero tamén cabe destacar a presión que sentía ao saber que só dispuña dun tempo limitado para realizar as entrevistas. Perdín moitos días perseguindo fantasmas, indo a buscar fontes aos seus negocios, vivendas, espazos de ocio... lugares nos que podían atenderme, segundo me contaran outros veciños, pero tan só recibín negativas. Son procesos duros, saber que se está perdendo o pouco tempo que se ten. A xestión dos nervios e dos cambios de humor dependendo dos meus resultados é algo a mellorar para seguintes viaxes que faga, xa que tampouco todo está ao meu alcance.

Si lamento moito quizáis non ter accedido a algunhas fontes sen a gravadora na man. Persoas que xa dende o primeiro momento se negaron a falar de certos temas ao verme como unha personaxe extraña, e que me poderían ter dito (ou non, nunca o saberei) cousas verdadeiramente interesantes de ter optado, quizáis, por coñecelas antes e pasar ao seu carón un tempo de calidade sen unha gravadora na man. Foi algo que aprendín con Victoria, a galega, coa que coincidín facendo sendeirismo e quedamos para tomar un café, axudándome a entablar unha amizade con ela e que, incluso tras a miña marcha, seguiu preguntándolle aos veciños por este tema e manténdome informada. Todo o contrario sucedeu con Lucía, unha muller que sabía bastante da parte escura de Franco, pero que preferiu nun abrirse comigo e houben descartar a pobre gravación que obtiven.

A miña viaxe a La Gomera viuse complementada por bastante turismo, especialmente roteiros polas áreas rurais e diferentes barrancos, cantís e montañas de La Gomera. Estas excursións servíronme para

recargar folgos, darme paz, axudarme a xestionar mellor as miñas inseguridades e presións, e tamén para captar ambientes sonoros e empaparme da cultura gomera, máis alá da vida na capital. Esa aprendizaxe veríase tamén plasmada nas miñas descripcións do podcast.

En xaneiro realicei unha segunda viaxe en La Gomera: tamén 14 días, aproveitando as vacacións, onde o meu éxito para atopar fontes foi menor, pois obtiven moitas negativas e entrevistas mediocres. Segundo ía coñecendo máis a historia de Franco Meloni, menos me ían sorprendendo os entrevistados e máis ambiciosa me ía volviendo: xa tiña as cousas boas de Franco, quería descubrir as malas. Pero tamén esas son as que requiren tempo e confianza, cousas que tampouco tiña, ou non souben conseguir nalgúns casos. Non obstante, si conseguín algunhas declaracións interesantes de personas que foron debuxando un pouco máis esa segunda cara de Franco e que conseguín durante a segunda estancia na illa.

Como conclusión das miñas viaxes, sen dúbida foron dúas experiencias extraordinariamente enriquecedoras. Superar o medo a coller un avión, plantarme nun lugar e facer preguntas aos veciños, aprender a usar sobre a marcha o material técnico (do cal estou moi orgullosa, posto que non puíden monitorizar os audios que facía, pero todos teñen unha calidade decente), e sobre todo, atravesarme a falarlle á persoas de toda índole -o presidente do Cabildo, a policía portuaria- e baixo calquer contexto -entrar nun local e preguntar polo traballador, ou mesmamente pola rúa (a entrevista con María del Carmen Mesías, quizáis a mellor de todo o podcast, xurdiu de interceptar a súa filla cando volvía do supermercado, tal como me dixera outro veciño)- foron as actividades que máis rédito me deron e das que me sinto máis orgullosa. Creo que foi un exercicio xornalístico aprender a empregar palabras adecuadas para non asustar ás fontes, para saberme vender, para xerar esa confianza ante quen es si quixeron regalarme o seu tempo, etc.

Unha vez remata a viaxe, a parte dulce do traballo, comeza a máis amarga: volver a casa, readaptarse a rutina e compaxinar a carga de traballo lectiva con sacar cortes de cada entrevista. En total, cheguei con 13 entrevistas, case todas de máis de unha hora, polo que escoitalas de novo sacando os cortes levou moito tempo e foi unha tarefa tediosa. Para futuras ocasións, considero fundamental anotar os minutos onde as persoas din algo interesante, aínda que en persoa, se ben o pensei, en moitos casos optei por non facelo para lograr máis ese efecto de conversación e naturalidade, que a fonte esquecese que estaba a ser entrevistada. Ademais disto, houben editar cada audio para mellorar a súa calidade, corrección de silbidos, golpes na mesa, ruídos de fondo... Foi un proceso lento, pois houben formarme a min mesma a través de videotutorais. Se algo podo concluir deste proceso, é que realicei, en parte, un traballo máis denso do que era requerido: é mellor corrixir problemas xerais da entrevista (como a redución de ruído) pero conservar os audios coa calidade en bruto ata que decida definitivamente que os vou usar no podcast. Pasei moito tempo mellorando audios e corrixindo elementos moi concretos (como finaliza un corte, como elimino frases intermedias e fusiono cortes para aforrar tempo) que finalmente non empreguei no podcast.

Unha vez superada esta fase, que me levou dende febreiro ata abril debido á carga de traballo da universidade, proxectos persoais e, sobre todo, a falta de motivación ante a magnitude da tarefa, comezou o bonito: empezar a xuntar os cortes e xerar un guión.

Cabe destacar que tiveron todos os cortes agrupados por temática e coas iniciais da fonte que fala. Isto axudoume moitísimo a organizar os capítulos polas temáticas e a non perder moito tempo reescoitando cada audio. Aínda así, os capítulos 3 e 4, o Marqués de Oristano e La discoteca, respectivamente, foron un caos: todos os veciños foron clientes e practicamente os 13 entrevistados

principais tiñan varios cortes referenciando estes negocios. Iso provocou que a organización destes cortes e a construción dun guión fora longa, caótica e difícil. Houben organizar os cortes por subtemáticas (a descripción da discoteca, recordos e anécdotas, as cancións que puñan, o peche, as alternativas ou o que supuxo para a vila; por exemplo). Os capítulos 2, 3 e 4 foron sometidos a un intenso proceso de “poda”, é dicir, de eliminar aquilo innecesario, pois superaban ambos os 25 minutos e, en ocasións, algúns cortes resultaban reiterativos.

No capítulo 5, no cal deixo a un lado a figura de Franco para centrarme nos seus amigos, tiven varios problemas de tinte ético: como referirme ao exalcalde da vila, recordado con cariño por moitos, do cal coñezo a súa familia, que faleceu o ano pasado e cuxo recordo aínda está moi presente? Foi un home con serios problemas de drogradicción, que presentou un episodio indigno nun acto político, e cuxa íntima relación con Franco Meloni é negada pola súa familia, pero recoñecida, sen excepción, polo resto do pobo. O meu interese por contar a verdade, pero non caer no sensacionalismo, unir os camiños de Benjamín e Franco, pero non ofender á familia, e tratar cun certo sentido ético o problema das drogas, pero sen criminalizar ao exalcalde, fíxome repensar moito cada frase e cada música. Optei por incluír moitas voces, narrar o menos posible para que a historia se conte sola e os ouvintes saquen a súa conclusión, e tamén por dotar ao episodio dun final emotivo, que realce a figura do exalcalde e do cariño que se lle ten no pobo. Aínda non teño claro, iso si, se o resultado é o mellor.

Os demais episodios fóronse creando segundo ía escoitando os fragmentos das entrevistas que tiña. Ao seren menos cortes falando sobre temas concretos, é máis fácil ordenalos e compoñer un guión a partir deles. Tiven tamén un pequeno problema ao vehicular o capítulo 6 sobre a figura de John Palmer. O entrevistado que me contou a relación entre John Palmer e Franco Meloni, refírese a el como Edward Palmer e atribúelle un roubo que el non fixo: o asalto ao tren de Glasgow, cando en realidade estaba a referirse ao roubo no aeroporto de Heathrow (os dous roubos existiron e teñen ambos o alcume de “O roubo do século”, curiosamente). O demais que me conta, ten sentido. Atopar a información correcta custoume, e houben ler bastante en internet para atar todos os cabos. Pero unha cousa é reconstruír para min mesma o que unha fonte tenta dicir, e outra, é comunicalo aos demais. Como explicar que o que me di esta persoa ten sentido, e é verdade, se non di ben nin o nome do suceso, nin o sucedido polo que é coñecido? Foi un traballo de pensar ben que dicir, e explicar con calma o sucedido, ás veces, nun exercicio de transparencia en fronte da cámara. O formato de podcast que escollín, un híbrido entre información e narración en primeira persoa, axudoume moito: nun podcast puramente informativo sería difícil xustificar algo así. Non obstante, poder meter os meus pensamentos, as miñas pesquisas, o meu traballo en primeira persoa, permíteme explicar esta situación sen que quede forzado ou mentireiro. É algo que agradezo moito deste formato.

O capítulo 7, 8 e 9, xa máis rodada, foron máis fáciles de facer. Tamén ter cada vez máis claro o guión, o camiño a seguir, e que as fontes sexan menos e máis concisas nestes casos, axuda. A creación deste podcast pasa tamén por un longo proceso de procura de efectos sonoros, edición das paisaxes sonoras que eu grabei en La Gomera, procura de músicas sen dereitos de autor e composición propia grazas a combinación de loops pregravados. Aprender a manexar non só o Adobe Audition, senon tamén o Logic Pro, foi un proceso lento e complicado. As miñas escasas dotes musicais e coñecementos en composición dificultan un proceso xa complicado de por si. A clase de Javi Álvarez, compositor musical para podcasts de El Extraordinario, durante o Curso de Podcasting Profesional celebrado pola USC, axudoume moito tanto a crer en min, como a lanzarme ao mundo da composición propia.

### **3. Dificultades**

Alén das xa mencionadas na memoria, entre as principais dificultades para xerar este podcast, cabe tamén destacar a tecnoloxía. A falta dun ordenador potente frustrou a rapidez e o ritmo de traballo durante o primeiro cadrimestre deste ano. A súa posterior rotura durante a viaxe a La Gomera dificultou o traballo no podcast en terreo, e ademáis, entre a solicitude do seguro, a procura dun novo ordenador, etc. a capacidade para seguir traballando retrasouse ata mediados de xaneiro, cando conseguín un novo equipo. Este novo produto, un MacBook Air, é un ordenador potente pero quedou sen espazo a mediados de maio, practicamente só traballando co podcast e un par de traballos de clase. Quedarme sen espazo tanto do meu ordenador novo, como na miña conta de Google, impediu en moitos casos que poidera avanzar ou incluso perdera traballo xa feito -a sesión de Audition do capítulo 6 perdeuse enteira debido a problemas de sobrecarga do ordenador, polo que houben refacelo de novo unha segunda vez-. A solución pasou por desenfundar cartos: 50€ nun disco duro externo e 30€ ao ano nunha mellor suscripción de Google.

Por outra banda, a falta de recursos técnicos propios tamén lastrou este podcast: depender dun micrófono da facultade, que non sempre tiña as prestacións que me interesaban, retrasou algúns capítulos porque a gravación provisional era feita cun micrófono bastante precario. A falta de un bo dispositivo de escoita provocou que o nivelado de algúns audios e músicas fora ineficiente dependendo de por que dispositivo se escoitase o podcast: o que dende o meu ordenador se escoita ben, dende un teléfono móbil ou uns auriculares, sona mal. Este problema fixo que tivera tamén que invertir nuns bos auriculares (60€ nuns Energy System Travel 6) e nun micrófono (82€ nun Samson Q2U Microphone de segunda man). Ao final, son expensas coas que non contaba nun comezo, que me custou moito realizar -o que retrasou a súa compra, e con ela, o podcast enteiro-, que me fixo cuestionar se quería seguir adiante co traballo, e que buscarei como recuperar nun futuro, a través dalgunha beca ou subvención.

### **4. Aporte dos estudos de Xornalismo e Comunicación Audiovisual na realización do produto**

A carreira permitíume, ante todo, a capacidade de imaxinar que eu era capaz de facer este traballo. Pode parecer unha tontería, pero sen a práctica que asignaturas como Edición Audiovisual, por exemplo, me deu para coñecer e aprender a usar o pack de Adobe, non sabería nen por onde comezar a editar este podcast. Asignaturas como Producción en TV ou Producción Cinematográfica axudáronme a preparar a viaxe, entender como facer un dossier -co que logo pedirei axudas ou intentarei vender este proxecto-, o cal tamén agradezo. E asignaturas como Multimedia: teoría, técnica e aplicacións, descubríronme outro xeito de contar, e concretamente foi o primeiro traballo xornalístico no que integrei audio ao longo da carreira. As prácticas externas, que no meu caso realicei no ABC Galicia, fixéronme gañar soltura á hora de preparar cuestionarios e entrevistar fontes.

As asignaturas de radio -Locución Audiovisual, Linguaxe Audiovisual e Información Radiofónica- axudáronme a collerlle gusto á radio, a sentar diante dun micrófono e a escribir guións, pero non diría que souben contar historias ata que chegou Industrias Creativas e Ideación, guiada por Ricardo Rodríguez, que para min merece unha mención especial. Tamén destaca de sobremaneira o Curso de Podcasting Profesional realizado por Marta Pérez e Cibrán Tenreiro, xa que foi unha conexión co mundo real do podcasting, a través dos mellores profesionais.

Hai asignaturas que me lanzaron tamén cara este TFG aínda que de xeito máis indirecto: Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos, Historia do Mundo Actual ou Fundamentos da Economía da Información fixéronme unha persoa curiosa, interesada na política internacional e en contar historias máis valentes.

Destacar tamén a incalculable axuda dos técnicos da facultade, que me deron apoio, consello, prestáronme equipo técnico sen o cal sería imposible realizar este podcast, e ás veces, incluso equipo personal, así como espazos e parte do seu tempo para traballar comigo.

Polo tanto, a carreira permitíume descubrir esta faceta de min e atraerme a desenvolvela, guioume no proceso e puxo do meu lado a brillantes profesionais. Non obstante, tamén creo que é de xustiza indicar que en moitos casos, perdéronse oportunidades maravillosas para ensinarnos a contar e darnos as ferramentas coas que traballar. Agardaba moito máis de asignaturas como Tratamento do Son e Estilos Musicais, ou Métodos de Investigación, que creo eran fundamentais para a miña formación neste eido e das que saquei moito menos do que agardaba.

## **5. Conclusións**

O podcast é un novo formato de comunicación con un enorme potencial. A combinación de todos os elementos narrativos (voz, música, efectos sonoros e silencio) conseguen o efecto agardado ao xenerar unha paisaxe sonora e introducir ao ouvinte nun contexto determinado. A transmisión de información vese completamentada con doses de comicidade ou emoción, construídas a través destes elementos, que dotan á reportaxe sonora dunha capacidade de entreter e ‘enganchar’, combinando así os xéneros xornalísticos máis puros con esa parte máis laxa e xovial do podcast. A calidade da información non por iso se ve perxudicada: a investigación xornalística faise seguindo procesos estritamente xornalísticos e criterios éticos puramente propios da profesión (diversidade de voces, gardar o anonimato das fontes cando así o requiren, non manipular o que din, tan só complementalo ou reforzalo con música ou efectos, atribuír as fontes correctamente e darlle a importancia que teñen segundo dita atribución). É posible, por tanto, xerar un contido xornalístico, profundo, garantindo unha funcionalidade a nivel de entretemento.

A calidade do audio, garantida a través dun equipo variado de micrófonos e un traballo intenso de edición, consegue a intelixibilidade e limita o contraste entre as voces, o que fomenta ao ouvinte a quedar escoitando, ou ser capaz de non perder o fío, pese a estar realizando outras tarefas simultáneas. As entrevistas telefónicas, ou na rúa, requiren moito máis traballo de edición e en moitos casos houberon ser descartadas porque o contido da información non podía entenderse. A captación de efectos sonoros in situ fomenta a transmisión de información alén da palabra, o cal fomenta que o ouvinte xenere outro tipo de conexión co contido: non só a nivel coñecer o que se di, senon trasladarse alí, e por tanto xenerar coñecemento non só informativo, senon emotivo e imaxinativo, interactivo, que non logran outros formatos.

A reportaxe sonora, por tanto, é un formato de gran versatilidade á hora de contar unha información. O dinamismo e a emotividade que é capaz de xenerar sobre a información convérteno nunha oportunidade brillante que aínda está por explotar en España. Con este traballo ofrezco a miña aportación persoal ao mundo do podcasting, que aínda está emerxendo, a través dunha historia peculiar que creo, sabe aproveitar ao máximo o rendemento deste formato.

## **Conclusións personais.**

Hai tres conclusións fundamentais que saco deste proxecto a nivel personal: A primeira, que son capaz de facer moito máis do que pensaba poder facer. A segunda, que tamén debería facer menos do que fixen e me queda por facer. Creo que é importante entender cando un traballo debe dividirse, e creo que lanzarme a soas nesta aventura foi unha loucura, a nivel de traballo, presión, esixencias e coñecementos. Era importante ter tido unha mellor planificación e buscado a alguén que se encargase, por exemplo, do aspecto sonoro e musical. A terceira conclusión é que hai que atreverse a falar coas fontes aínda cando parece inverosímil conseguir algo delas, e tamén aprender a falar con elas, e gañarse a súa confianza, antes de poñerlles un micro diante da boca.

Ademáis de todo isto, este traballo permitíume coñecer moito mellor todos os aspectos da creación dun podcast, dende a preproducción, o traballo de campo, a edición e a creación musical e de paisaxe sonoro, motivos polos cales me sinto profundamente satisfeita. Creo que o resultado final é motivo de felicidade e orgullo.

## 5. ANEXO. PREGUNTAS REALIZADAS.

As preguntas varían dependiendo da relación do entrevistado con Franco Meloni. Tamén a orde dos bloques temáticos.

### 6.1 Sobre Franco Meloni

- Cual es tu relación con Franco Meloni?
- Cuando llegó Meloni a la isla?
- Es una persona recordada con cariño en La Gomera?
- Describe a Meloni: como era físicamente, como vestía, que aura daba al llegar a un sitio.
- Cuál fue la primera impresión que tuviste de Franco al verlo por primera vez?
- Era fácil tratar con él?
- Cocinaba bien?
- Era amante de la buena bebida...
- Hacía gala de sus orígenes italianas?
- Qué sabemos de su pasado? Qué hizo antes de venir a la isla?
- Había dos Francos, un Franco serio de los negocios, y otro diferente en la vida social?
- Qué es lo que aportó Francesco Meloni a La Gomera?
- Qué le aportó La Gomera a Franco Meloni?
- Hay alguna anécdota que le recuerde a él?
- Se llevaba bien con las altas esferas?
- Trataba con la política? Tuvo algún problema o encontronazo con algún político?
- Y con algún vecino?
- La estructura de negocio que Franco Meloni creó, murió con Franco, o todavía hubo quien continuó su negocio?
- Era una persona respetada en la isla?
- Qué influencia tenía en la isla?

### 6.2 Sobre las fiestas de Franco Meloni

- Tiene fama de haber hecho muchas fiestas y muy buenas. Hay alguna que llamara la atención por algo concreto?
- Quién solía ir a las fiestas de Franco Meloni?
- Los Carnavales eran muy sonados en La Gomera. Recuerda pasarlos juntos?
- De qué se disfrazaba él?
- Cómo lo celebraba?
- Estuvo en la boda?
- Dónde fue?
- Cuánta gente estuvo?
- Hubo mucho extranjero?
- Recuerda la música, el baile?
- Alguna anécdota?
- Se habló mucho de esa boda en el pueblo?
- Sobre su vida personal, he descubierto que sus dos hijas se casaron con los dos hijos de María Teresa. Cómo fue esa historia?
- Cuales son los nombres de sus dos hijas casadas aquí?

-La gente veía con buenos ojos ese doble matrimonio?

### 6.3 Sobre María Teresa y su familia

-Cual es su relación con María Teresa?

-Es una mujer querida en la isla?

-Cual era su ocupación, en que trabajaba?

-Algún hobby?

-Alguna anécdota que le recuerde a ella?

-Como conoció a Franco Meloni?

-Empezaron siendo amigos, o directamente Franco se da a conocer en la Gomera como pareja de María Teresa?

-Quién era más cariñoso, Franco o María Teresa?

-Quién era más detallista?

-Quién tenía más carácter?

-Cuál era la relación de María Teresa con las hijas de Franco?

-A que se dedica actualmente?

-Por qué han elegido Palma para marcharse?

-Ha estado en Palma?

-Como es su vivienda allí?

-Como llevó María Teresa el arresto de su marido?

-Como reaccionó al enterarse de su entrada en prisión?

-Pasó ese tiempo con sus hijos, o sola en Mallorca?

-Escribía cartas a Franco?

-Le iba a visitar mucho a la cárcel?

-Quiere María Teresa volver a La Gomera?

-Cual es el último recuerdo que tiene de Franco y María Teresa

-Cuál era la relación entre Franco y los hijos de María Teresa?

-Se mostraba cariñoso con ellos en público?

-Compartían tiempo juntos?

-Se siguen queriendo a día de hoy?

### 6.4 Sobre la posible actividad ilegal de Franco Meloni

-También he leído que llegó a La Gomera a bordo de un yate llamado el Caballo Loco. Como era ese yate?

-Destacaba entre el resto?

-Cual era la relación de Franco Meloni con el mar?

-Entre los vecinos del pueblo se pensaba que había algo más y lo usaba para algo ilegal?

-Se sabía o se intuía en el pueblo que Franco tenía un pasado relacionado con la mafia?

-Como reaccionaba él ante lo que se decía?

-Cree que la gente sabía en La Gomera sobre las actividades ilegales de Franco Meloni?

-Había alguna sospecha de que sus negocios pudiesen servir para blanquear dinero?

-Cómo sentó en la isla cuando Meloni fue arrestado por narcotráfico?

-Se sabe por qué acabó cerrando Meloni los negocios?

### 6.5 Sobre la vida en La Gomera

-Quiero que me traslades a la Gomera de los años 80. Cuál es el recuerdo más vívido que tienes de esa época?

-Ha cambiado mucho la isla desde entonces?

- Qué ha mejorado, y qué se ha perdido?
- Cómo es la vida en La Gomera? Que servicios faltan?
- Le gustaría que su hija viviera en la Gomera?
- Ve futuro en la isla para la gente joven?
- Como es la situación política actual en La Gomera?
- En qué se diferencia Alianza Popular Gomera y el Partido Socialista de La Gomera?
- Cómo es Casimiro Curbelo como presidente?
- Cómo fue Benjamín Trujillo como alcalde?
- Y como delegado del Gobierno?
- Cuáles son sus principales obras?
- Por qué elementos gomeros siente más orgullo?
- Se siente orgulloso de algún aspecto concreto de la política gomera?
- Sabe silbo gomero?
- Por qué se comenzó a silbar en la isla?
- Se estudia en los colegios actualmente? Como se hace?
- Podría silbar ....?

#### 6.7 Sobre la discoteca Fin Fan

- Era usuaria de la discoteca Fin Fan?
- Me la podría describir?
- Que música ponían?
- Qué recuerdos tiene anclados a la discoteca o al restaurante?
- Sabe de donde proviene el nombre de la Fin Fan?
- Cómo reaccionó usted cuando la Fin Fan cerró?
- Hubo alguna alternativa después?
- Había alguna alternativa antes?
- Se hablaba entre la gente que era un lugar donde se podía blanquear dinero?

#### 6.8 Sobre el Marqués de Oristano

- Era el Marqués de Oristano negocios emblemáticos en esa época?
- Qué aportó el restaurante a la isla?
- Era como el resto de restaurantes que había aquí en los años 80 y 90?
- Se hablaba entre la gente que era un lugar donde se podía blanquear dinero?
- Qué comida se podía encontrar en él?
- Había música en directo?
- Qué recuerdo tiene de esas actuaciones?
- Tenía productos difíciles de encontrar en La Gomera?
- Trataba bien a sus empleados?
- Alguna vez trató mal a algún empleado?
- Cuál era su mayor virtud?
- Tenía alguna manía?
- Tenía carácter cuando algo iba mal?
- Cuál fue el mayor aprendizaje que obtuvo tras trabajar en el Marqués?
- Las condiciones laborales eran muy diferentes a las de otros restaurantes de la isla?
- Cambió mucho el carácter de Franco con el paso de los años y el devenir de su negocio?
- Cuál era su plato favorito?

- Había celebraciones especiales por las fechas señaladas como Carnavales, Navidad...?
- Por qué cierra el Marqués de Oristano?
- Tenía competencia?
- Cómo reacciona la villa al cierre de su restaurante más lujoso?

#### 6.9 Sobre Giorgia Meloni y el resto de hijas

- Cuántas hijas tenía Franco?
- Sabe sus nombres?
- Había diferencia de edad entre ellas?
- Se sabe si eran de la misma mujer?
- Tuvo descendencia con María Teresa?
- Sabía usted que la primera ministra italiana es hija de Franco Meloni?
- Ha tratado con Giorgia Meloni? En qué contexto la conoció?
- Ha vuelto por la isla?
- Y el resto?
- A qué edad dejó de venir a La Gomera?
- Venían todos los veranos?
- Venían en algún otro momento del año?
- Se integraban bien en la isla?
- Hablaban bien español?
- Tengo entendido que era una niña con carácter...
- La reconoció en cuanto salió primera ministra de Italia?
- Se ha continuado comunicando con Giorgia una vez abandona La Gomera?
- Cómo reacciona usted cuando conoce que ha salido elegida primera ministra de Italia?
- Cómo ha sido la reacción general en San Sebastián?

#### 6.10 Sobre sus amistades

- ¿Cuáles eran sus principales amistades en La Gomera?
- Qué planes sociales solía hacer más Franco Meloni?
- Le gustaba la política? Debatir?
- Se decía algo de su ideología?
- Aldardeaba de ser de alguna ideología concreta, o detestar alguna otra?
- Como era su relación con Benjamín Trujillo?
- Conoció usted a Benjamín Trujillo? Tiene alguna opinión de él como alcalde... persona... amigo....?
- Como se forjó esa amistad entre Franco y Benjamín?
- Fue duradera?
- Conoce alguna anécdota de esta persona?
- Conoció a Indalecio Darías?
- Como era su relación con Franco?
- Tiene alguna opinión de Darías como empresario... persona... amigo....?
- Cómo se forjó esa amistad entre Franco e Indalecio?
- Fue duradera?
- Conoce alguna anécdota de esta persona?
- Conoció a algún amigo italiano suyo?
- Cómo eran?
- Qué edad tenían?
- Eran de clase pudiente?

- Destacaban en la villa cuando llegaban?
- Cuando venían, Franco era el mismo o sacaba a relucir un nuevo yo?

#### 6.11 Sobre la marcha de Franco Meloni de la isla y su devenir

- Por qué Franco se va de La Gomera?
- Se despidió de usted, hizo alguna fiesta de despedida?
- Diría que fue una despedida abrupta?
- Hay alguna teoría popular de por qué se alejó de la isla?
- Me han comentado que tuvo un pequeño incidente en la playa de la Guancha. Sabe usted qué pudo suceder ahí?
- Y por qué cree que eligió Mallorca posteriormente?
- Como reacciona usted cuando descubre que ha sido detenido en Mallorca?
- Como fue la reacción en San Sebastián? Qué se comentó en ese momento?
- Volvió a ver a Franco Meloni después de salir de prisión?
- Había cambiado mucho?
- Se presentó a las elecciones por Ciudadanos en Blanco tras salir de prisión. Por qué?
- Le hubiera sido fácil reincorporarse a la vida de San Sebastián después de este episodio?
- Ha sido la prensa muy machacona con este tema? Le gustaría que se dejase de hablar de ello o que se tratase de otra forma?
- Es una persona recordada con cariño?
- A la gente le interesaba realmente de dónde venía su dinero?
- Qué se dijo de él en la villa tras este episodio?

#### 6.12 Cuestionario para los periodistas

- Cuando te enteras de este tema, que Franco Meloni es el padre de Giorgia y está relacionado con la Gomera, cuál es tu reacción?
- ¿Ha tenido mucho éxito ese tema en la prensa, ha habido un aumento de visitas?
- Se ha hablado en el resto de las islas sobre este tema?
- Te ha costado encontrar fuentes para elaborar el artículo?
- Como te ha resultado más eficaz dirigirte a las fuentes para que te hablaran del tema sin asustarse?
- Hay una persona que hasta corrige una fake new que se ha lanzado por ahí...
- Conocías a Franco Meloni de antes, habías escuchado hablar de él?
- Qué influencia tenía el en la isla?
- Inicialmente, los habitantes de la Gomera estaban dispuestos a hablar sobre el tema con la prensa?
- Ahora los vecinos están más cansados....
- Qué fue lo que te contaron los vecinos con los que sí pudiste hablar?
- Crees que la gente sabía en La Gomera sobre las actividades ilegales de Franco Meloni?
- Te contaron por qué se marchó, o como lo hizo?
- Era una persona que se relacionaba con la gente de San Sebastián?
- Era una persona respetada en la isla, por lo que pudiste hablar?
- Alguien te ha hablado de su ideología?
- Veo que en la noticia hablas bastante de su yate. Qué te han contado sobre El Caballo loco?
- Que te dijeron de sus negocios?
- Se hablaba entre la gente que eran lugares donde se podía blanquear dinero?
- Te han contado algo de su historia personal o su familia?

## 6. BIBLIOGRAFÍA

Abel, J. (2015). *Out on the Wire: The Storytelling Secrets of the New Masters of Radio*. Broadway Books.

Berrocal Gonzalo, S., Redondo García, M., e Campos Domínguez, E. (2012). Una aproximación al estudio del infoentretenimiento en Internet: origen, desarrollo y perspectivas futuras. *AdComunica*, pp. 63-79. <https://doi.org/10.6035/2174-0992.2012.4.5>

Berry, R. (2016). Podcasting: Considering the Evolution of the Medium and its Association with the word 'Radio'. *Radio Journal: International Studies in Broadcast & Audio Media*, 14(1), pp. 7-22. [http://dx.doi.org/10.1386/rjao.14.1.7\\_1](http://dx.doi.org/10.1386/rjao.14.1.7_1)

Biewen, J. & Dilworth, A. (2017). *Reality Radio: Telling True Stories in Sound*. University of North Carolina Press and The Center for Documentary Studies, Duke University.

Cebrián, E., e Berrocal, S. (2010). La irrupción del “infoentretenimiento” en la comunicación política española. Una propuesta para la sistematización de sus formatos televisivos. Texto inédito, pendiente de su publicación por la ACOP, Asociación de Comunicación Política.

Charlotte Götting, Marie (2022). Most commonly used apps for listening to podcasts among podcast listeners in the United States in 2019 and 2020. *Statista*. <https://www.statista.com/statistics/943537/podcast-listening-apps-us/#:~:text=In%202020%2C%20the%20most%20commonly,percent%20in%20the%20previous%20year.>

IAB SPAIN (2023). *Estudio de Audio Digital 2023*. <https://iabspain.es/estudio/estudio-audio-digital-2023/>

Gutiérrez-García, M., Sellas-Güell, T. e Esteban-Pascual, J. A. (2019). Periodismo radiofónico en el entorno online: el podcast narrativo. En L. M. Pedrero-Esteban & J. M. García-Lastra (Eds.), *La transformación digital de la radio. Diez claves para su comprensión profesional y académica* (pp. 131-150). Tirant lo Blanch.

Kemp, S (2023). *Digital 2023: Global Overview Report*. *Datareportal*. <https://datareportal.com/reports/digital-2023-global-overview-report>

Labio Bernal, Aurora (2008). Periodismo de entretenimiento: la trivialización de la prensa de referencia. *Estudios sobre el Mensaje Periodístico*, 14, pp. 435-447.

Legorburu, J.M., Edo, C., e García, A (2021). Reportaje sonoro y podcasting, el despertar de un género durmiente en España. El caso de Podium Podcast. *Estudios sobre el Mensaje Periodístico*, 27, 2021: pp. 519-529. <https://revistas.ucm.es/index.php/ESMP/article/view/71204>

Lindgren, M. (2016). Personal Narrative Journalism and Podcasting. *Radio Journal: International Studies in Broadcast & Audio Media*, 14(1), 23-41. [https://doi.org/10.1386/rjao.14.1.23\\_1](https://doi.org/10.1386/rjao.14.1.23_1)

McHugh, S. (2012). Oral History and the Radio Documentary/Feature: Introducing the ‘COHRD’ Form. *Radio Journal: International Studies in Broadcast & Audio Media*, 10(1), 35-50. [https://doi.org/10.1386/rjao.10.1.35\\_1](https://doi.org/10.1386/rjao.10.1.35_1)

McHugh, S. (2016). How Podcasting is Changing the Audio Storytelling Genre. *Radio Journal: International Studies in Broadcast & Audio Media*, 14(1), 65-82.

[https://doi.org/10.1386/rjao.14.1.65\\_1](https://doi.org/10.1386/rjao.14.1.65_1)

Orrantia-Herrán, A. (2019). Diez claves para contar buenas historias en podcast. *UOC*.

<https://revistascientificas.uspceu.com/doxacomunicacion/article/view/642/3439>

Pedrero Esteban, L.M., Martínez Otón, L., Castillo Lozano, E., Martín Nieto, R. (2023). Cómo suenan los podcasts en España. *Fundación Antonio Nebrija*.

<https://www.nebrija.com/catedras/observatorio-nebrija-espanol/pdf/tendencias-produccion-mercado-d-el-podcasting.pdf>

Sellas, T. (2012). El Podcasting: La (R) evolución Sonora . Editorial Uoc.

<https://books.google.es/books?hl=es&lr=&id=k0dmIH8wI-8C&oi=fnd&pg=PA3&dq=podcast+historia&ots=XCHpVdmkcd&sig=ROAgJJxahDDPmeFiEOKjUI3oGpO#v=onepage&q=podcast%20historia&f=false>

SPOTIFY (2020). Hábitos de consumo de podcast de los españoles. *Reason Why*.

[https://www.reasonwhy.es/media/library/spotify\\_informe\\_podcasts\\_espana\\_2020.pdf](https://www.reasonwhy.es/media/library/spotify_informe_podcasts_espana_2020.pdf)

Sullivan, J. L. (2019). The Platforms of Podcasting: Past and Present. *Social Media + Society*, 1(1),

pp. 1-12. <https://doi.org/10.1177/2056305119880002>

VOXNEST (2020). The State of the Podcast Universe.

<https://blog.voxnest.com/2020-mid-year-podcast-industry-report/>

## **Prensa consultada:**

Bordel, J (2021). ¿Quién es Giorgia Meloni? *CTXT*.

<https://ctxt.es/es/20210701/Politica/36642/giorgia-meloni-ultraderecha-italia-salvini-berlusconi-fratelli-jaime-bordel-gil.htm>

Carconi, A (2022). Giorgia Meloni, una infancia marcada por el abandono de su padre. *Ultima Hora*.

<https://www.ultimahora.es/noticias/internacional/2022/09/28/1800581/giorgia-meloni-infancia-marcada-por-abandono-padre.html>

Chijeb, N (2022). Francesco Meloni, tan generoso como ambicioso. *Diario de Avisos*.

<https://diariodeavisos.elespanol.com/2022/10/franco-meloni-tan-generoso-como-ambicioso/>

Chijeb, N (2022). A Giorgia Meloni le marcó la tormentosa relación con su padre. *Diario de Avisos*.

<https://diariodeavisos.elespanol.com/2022/09/a-giorgia-meloni-le-marco-la-tormentosa-relacion-con-su-padre/>

Chijeb, N (2022). Giorgia Meloni veraneó cuando era una niña en La Gomera. *Diario de Avisos*. [https://www.google.com/url?q=https://diariodeavisos.elespanol.com/2022/09/giorgia-meloni-la-gomera/&sa=D&source=docs&ust=1687193418745277&usg=AOvVaw1DmB-oBN\\_KTHs5\\_qwPeJyb](https://www.google.com/url?q=https://diariodeavisos.elespanol.com/2022/09/giorgia-meloni-la-gomera/&sa=D&source=docs&ust=1687193418745277&usg=AOvVaw1DmB-oBN_KTHs5_qwPeJyb)

De Cesco, A (2022). Armas, cocaína y contratos: cómo la nueva mafia está tratando de apoderarse de Cerdeña. *Vice*. <https://www.vice.com/es/article/zm9evx/cerdena-sardo-italia-mafia-cocaina-armas>

Fumero, P (2022). Francesco Meloni, un comunista con espíritu aristocrático. *La Provincia*. <https://www.laprovincia.es/canarias/2022/10/02/francesco-meloni-comunista-espiritu-aristocratico-76633850.html>

Il fatto quotidiano (2021). Dalla politica al rapporto col padre, così Giorgia Meloni si raccontava a La Confessione di Gomez. *Il fatto quotidiano*. <https://www.youtube.com/watch?v=-9GULkYb4mE&t=308s>

Oggi è un altro giorno (2021). Giorgia Meloni: i ricordi di una bambina "scontrosa" - Oggi è un altro giorno - 18/05/2021. *Rai Play*. <https://www.youtube.com/watch?v=uQn9J5hLTtM&t=1196s>

Servicio del Plan de salud e investigación (1994). Situación de salud: hábitos de vida y conductas de riesgo: drogas ilegales. *Plan de salud del Gobierno de Canarias*. [https://www3.gobiernodecanarias.org/sanidad/scs/scs/1/plansalud/psc02/psc02\\_2w.htm](https://www3.gobiernodecanarias.org/sanidad/scs/scs/1/plansalud/psc02/psc02_2w.htm)

Redacción (2019). Abandonada por su padre, pareja periodista y madre de una hija: el entorno de Giorgia Meloni. *UPPERS*. [https://www.uppers.es/estilo-de-vida/moda/20220926/abandonada-victima-bullying-giorgia-meloni\\_18\\_07550649.html](https://www.uppers.es/estilo-de-vida/moda/20220926/abandonada-victima-bullying-giorgia-meloni_18_07550649.html)

Redacción (2022). El padre de la fascista “Meloni”, de mal empresario en La Gomera a narcotraficante en Menorca con 1.500 kilos de hachís. *El Tambor*. <https://www.eltambor.es/el-padre-de-la-fascista-meloni-de-mal-empresario-en-la-gomera-a-narcotraficante-ante-en-menorca-con-1-500-kilos-de-hachis/>

Redacción (2010). La adquisición del restaurante Marqués de Oristano es un caso más de despilfarro y mala gestión de Curbelo. *Gomera Norte Radio*. <https://gomeranorterradio.blogspot.com/2010/12/la-adquisicion-del-restaurante-marques.html>

Redacción (2022). La futura nueva primera ministra italiana, Giorgia Meloni veraneaba en La Gomera. *Gomera Noticias*. <https://www.gomeranoticias.com/2022/09/26/la-futura-nueva-primera-ministra-italiana-giorgia-meloni-veraneaba-en-la-gomera/>

Riverlola, E. (2022). Francesco Meloni y el "desdesastre" que pudo ser y no fue. *El Periódico*. <https://www.elperiodico.com/es/opinion/20221004/articulo-emma-riverola-desdesastre-francesco-meloni-italia-76771272>

Saavedra, A. (2022). La infancia canaria de Giorgia Meloni. *El Periódico de España*. <https://www.epe.es/es/internacional/20220927/infancia-canaria-giorgia-meloni-75947567>

Schnitzer, V (1991). El fundador de la comuna El Cabrito, condenado en Austria a siete años por diversos delitos sexuales. *El País*.

[https://elpais.com/diario/1991/11/15/sociedad/690159603\\_850215.html](https://elpais.com/diario/1991/11/15/sociedad/690159603_850215.html)

Vallés, M.E. (2022). El padre de Giorgia Meloni fue condenado en Mallorca a nueve años de cárcel por narcotráfico. *Diario de Mallorca*.

<https://www.diariodemallorca.es/mallorca/2022/09/28/padre-giorgia-meloni-condenado-mallorca-76024551.html>

Vallés, M.E (2022). La operación de narcotráfico por la que el padre de Giorgia Meloni fue condenado en Mallorca formaba parte de una trama mafiosa. *Diario de Mallorca*.

<https://www.diariodemallorca.es/mallorca/2022/09/30/operacion-narcotrafico-padre-giorgia-meloni-76281692.html>